

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introdución

Coa presente programación preténdese complementar e favorecer a formación do alumnado tomando a área de Educación Física como un medio educativo que contribúe ao desenvolvemento persoal e que permite concienciar sobre a importancia da adquisición dun estilo de vida activo e adopción de hábitos de vida saudable para ter unha maior calidade de vida.

Esta programación nace da necesidade de adaptar a práctica docente diaria á lexislación vixente na nosa comunidade. Entendemos este documento como unha proposta flexible no que o contexto e os intereses do alumnado marcarán os tempos, os espazos e as maneiras de aprender.

Esta programación ten como obxectivos o coñecemento do propio corpo e as súas posibilidades de movemento; desenvolver aspectos involucrados nos procesos de toma de decisións que interveñen na resolución de situacións motrices, contribuíndo ao desenvolvemento da creatividade, das capacidades motoras, cognitivas, afectivo-sociais, expresivas e comunicativas; desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento do alumnado para acadar unha maior autonomía axudando en consecuencia ao desenvolvemento integral e global do alumnado sempre tendo en conta os diferentes ritmos de maduración.

Ademáis a presente programación contribuirá ao coñecemento do patrimonio cultural, expresivo e artístico, recoñecendo diferentes manifestacións da cultura motriz.

A variedade ofertada na programación ten como obxectivo ofrecer o maior repertorio posible de actividades para que todos os aspectos sexan traballados favorecendo o desenvolvemento global do alumnado.

Ao longo da programación se recollen os aspectos básicos da área de Educación Física e como se contribúe en todos os seus aspectos á etapa de Educación Primaria, e establecese a liña de traballo do desenvolvemento da área en Educación Primaria, sempre tendo en conta a actual lexislación vixente e partindo do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

O CEIP Vicente Otero Valcárcel está situado a 17 Km. do Concello da Coruña. É un núcleo de poboación semiurbán pero con ambiente rural próximo de algo máis de 5500 habitantes atravesado pola N-550. No núcleo urbano está situado o centro que escolariza alumnado das sete parroquias do concello (Veira, Taboao, Cañas, Paleo, Quembre, San Vicente de Vigo e Sumio) e da parroquia de Sarandóns, pertencente ao concello de Abegondo. É un centro que está a recibir alumnado ao longo dos cursos, xeralmente provintes doutros países e de Concellos limítrofes.

O colexio está formado por alumnado da etapa de Educación Infantil con actualmente 6 unidades e da etapa de Educación Primaria con actualmente 18. Neste curso case todas as aulas escolarizan un número cercano e ao redor de 20 alumnos.

A programación está dirixida ao alumnado de 3º A, 3º B e 3º C sendo 19, 18 e 18 alumnos e alumnas respectivamente.

Para o desenvolvemento da programación cóntase cun patio exterior con algo de zona verde, un patio semicuberto e unha pista dividida nun campo de fútbol, un campo de baloncesto e unha zona libre. Un pavillón polideportivo, cunha pista que ten campos marcados de fútbol, baloncesto, balonmán, tenis e badminton. Ten espaldeiras, un pequeno rocódromo, 2 porterías, 2 canastras e equipo de audio. O pavillón é municipal, pero de uso exclusivo do centro en horario lectivo. Tamén hai unha aula de psicomotricidade está equipada con algúns materiais de Educación Física.

En canto á xornada escolar, o horario é de 09:20 h. a 14:20 h.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividad física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empráctica e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferencias etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	BLOQUE 1	- Inicio de curso. Presentación, normas, actividades cooperativas e observación inicial. - Espacialidade e temporalidade. - Habilidades motrices básicas	30	27	X		
2	BLOQUE 2	- Coordinación e equilibrio. - Xogos e deportes alternativos.	40	21		X	
3	BLOQUE 3	- Expresión corporal. - Xogos tradicionais.	30	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	BLOQUE 1	27

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer e os seus efectos beneficiosos.		
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplica axeitadamente hábitos saudables.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demás, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Acepta e respecta a si mesmo e aos demás tendo en conta as características individuais.	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e ao esforzo.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Mostra unha boa actitude en canto á resolución de conflitos e o respecto cara os demás ante calquera tipo de razón.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saludable, higiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situaciones cotiás.	Aplica axeitadamente hábitos saudables.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesiones en relación coa conservación e mantenimiento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Toma medidas de precaución e prevención de lesiones coñecendo algún protocolo básico de actuación.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situaciones motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquire un progresivo control e dominio corporal en distintos contextos e situaciones motrices.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e ao esforzo.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportivididade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase e as regras dos xogos actuando con deportivididade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Mostra unha boa actitude en canto á resolución de conflitos e o respecto cara os demais ante calquera tipo de razón.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.</li> <li>- Educación postural en accións motrices habituais.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> </ul>

## Contidos

- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Esquema corporal:
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Consciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimientos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escucha activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestiós de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	BLOQUE 2	21

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer e os seus efectos beneficiosos.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demás, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Acepta e respecta a si mesmo e aos demás tendo en conta as características individuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e ao esforzo.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Mostra unha boa actitude en canto á resolución de conflitos e o respecto cara os demais ante calquera tipo de razón.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Toma medidas de precaución e prevención de lesións coñecendo algúun protocolo básico de actuación.		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adopta axeitadamente decisións en situación de xogo axustándose aos obxectivos en situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adopta axeitadamente decisións en situación de xogo axustándose aos obxectivos en situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquire un progresivo control e dominio corporal en distintos contextos e situacións motrices.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e ao esforzo.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase e as regras dos xogos actuando con deportividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Mostra unha boa actitude en canto á resolución de conflitos e o respecto cara os demais ante calquera tipo de razón.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Achégase ao deporte federado coñecendo distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas reconhecendo comportamentos contrarios á convivencia.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer e os seus efectos beneficiosos.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Toma medidas de precaución e prevención de lesións coñecendo algún protocolo básico de actuación.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquire un progresivo control e dominio corporal en distintos contextos e situacións motrices.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Hidratación na práctica da actividade física.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> </ul>

## Contidos

- Respeito e aceptación do propio corpo.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móvil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móvil.
- Esquema corporal:
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Consciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Definición da lateralidade.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Conductas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construcción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	BLOQUE 3	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer e os seus efectos beneficiosos.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demás, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Acepta e respecta a si mesmo e aos demás tendo en conta as características individuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e ao esforzo.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Mostra unha boa actitude en canto á resolución de conflitos e o respecto cara os demais ante calquera tipo de razón.		
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realiza proxectos motores individuais e/ou grupais, analizando os resultados obtidos.		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adopta axeitadamente decisións en situación de xogo axustándose aos obxectivos en situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición.	TI	100
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolve prácticas motrices adecuando as accións en función do medio e a situación.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realiza proxectos motores individuais e/ou grupais, analizando os resultados obtidos.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adopta axeitadamente decisións en situación de xogo axustándose aos obxectivos en situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquire un progresivo control e dominio corporal en distintos contextos e situacións motrices.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimento, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e/ou grupais con intención comunicativa e transmitindo sentimento, emocións ou ideas a través do corpo.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolve prácticas motrices adecuando as accións en función do medio e a situación.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e ao esforzo.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportivididade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas consensuadas da clase e as regras dos xogos actuando con deportivididade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Mostra unha boa actitude en canto á resolución de conflitos e o respecto cara os demás ante calquera tipo de razón.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimento, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e/ou grupais con intención comunicativa e transmitindo sentimento, emocións ou ideas a través do corpo.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquire un progresivo control e dominio corporal en distintos contextos e situacións motrices.		
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como outros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participa activamente en xogos e manifestacións artístico-expresivas propias da cultura propia, tradicional ou actual, e doutras culturas.		
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimento, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e/ou grupais con intención comunicativa e transmitindo sentimento, emocións ou ideas a través do corpo.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer e os seus efectos beneficiosos.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquire un progresivo control e dominio corporal en distintos contextos e situacións motrices.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolve prácticas motrices adecuando as accións en función do medio e a situación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Respecto e aceptación do propio corpo.</li> <li>- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.</li> <li>- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.</li> <li>- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos</li> </ul>

## Contidos

- motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacíons motrices (discriminación por cuestíons de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Achechas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacíóns, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.
- Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente lúdica, activa, participativa, integradora e flexible. A metodoloxía estará dirixida a lograr os obxectivos da área, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa a través da selección de contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas. Neste sentido propoñeranse actividades que integren todos os elementos do currículo. Partirase de estilos que favorezan a búsqueda, a indagación e a investigación implicando aspectos cognitivos nas execucións motrices , dende unha perspectiva global, e tendo en conta as características individuais.

As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado, potenciaremos o uso dunha variedade de materiais e recursos, favoreceremos metodoloxías non directivas que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas e libre exploración, o traballo por retos ou a cooperación reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e buscaremos a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.Todo esto levarase a cabo mediante propostas cun carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo nun importante recurso metodolóxico e no contexto fundamental para a maioría das aprendizaxes.

Terase en conta as características do alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe partindo das capacidades individuais valorando non só o resultado senón tamén a progresión e o proceso favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

Utilizaranse diferentes tipos de agrupamentos en gran grupo, pequeno grupo, parellas, individual en función do tipo de actividad.

Estilos de ensino.

Seguiranse os de Muska Mosston que establece unha progresión dende os más directivistas aos menos propoñendo como idóneos o descubrimento guiado e a resolución de problemas.

Entre os más utilizados estarán o mando directo modificado, asignación de tarefas, ensino recíproco, ensino por grupos reducidos, descubrimento guiado, resolución de problemas e exploración libre.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

### Denominación

Para o desenvolvemento da programación cóntase cun patio exterior con algo de zona verde, un patio semicuberto e unha pista dividida nun campo de fútbol, un campo de baloncesto e unha zona libre. Un pavillón polideportivo, cunha pista que ten campos marcados de fútbol, baloncesto, balonmán, tenis e badminton. Ten espaldeiras, un pequeno rocódromo, 2 porterías, 2 canastras e equipo de audio. O pavillón é municipal, pero de uso exclusivo do centro en horario lectivo. Tamén hai unha aula de psicomotricidade está equipada con algúns materiais de Educación Física.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece o contorno tanto naturais como urbanos os cales poderán ser empregados nalgúnha ocasión na medida do posible.

En canto aos recursos didácticos para a organización das sesión utilizaranse baterías de xogos e actividades basadas en recompilacións propias, publicacións didácticas publicadas por diferentes editoriais e recursos dixitais variados e cos materiais e xogos agrupados na sección de contidos educativos do portal da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

O material existente no centro é variado e en cantidade suficiente. Hai bastante material convencional de pequeno e gran tamaño, algo de material non convencional e informático e audiovisual.

Organización de espazos e tempos.

Pola peculiaridade da sesión e dos espazos do centro a organización de espazos e tempos é moi relevante. Coincidirán os tempos de distribución da sesión e para evitar a distorsión da mesma coa que se comparte espazo, alternaranse dentro do posible os tempos de explicación das actividades e os tempos de execución.

Sempre que sexa posible este curso non se compartirán espazos turnándose os dous mestres o patio cuberto, a pista exterior, o ximnasio e o pavillón. Todo o alumnado usará na medida do posibel os espazos alternativamente.

Canles de comunicación.

Daremos información antes (dando información inicial), durante (incidindo en aspectos importantes) e despois da execución (para dar información suplementaria ou feedback). Para iso utilizaremos o canle visual, o canle auditivo e o kinestésico-táctil referido ao carácter vivencial da execución, transmitindo a información a través do propio corpo.

Isto último farémolo de maneira individual evitando contactos entre o alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación será un proceso reflexivo e o máis sistemático e obxectivo posible que avalíe tanto o proceso de ensino como o de aprendizaxe intentando acumular o maior número de información posible tanto sobre o alumnado como a nosa práctica docente e en todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe.

Na nosa área teremos en conta a dificultade dunha obxectividade total debido:

- ao nivel psicoevolutivo e madurativo individual do alumnado.
- ao tempo dispoñible en relación ao número de alumnado.
- a unha certa subxectividade xa que non se buscan resultados de rendemento cualitativo.
- ás características do contorno e o centro.

A avaliación sempre se desenvolverá nos tres momentos principais do proceso de ensino-aprendizaxe:

- ao principio do proceso (cunha avaliación inicial)
- durante o proceso (cunha avaliación formativa)
- ao final (cunha avaliación final ou sumativa).

Ao comezo do proceso realizarase unha avaliación inicial de aspectos máis relevantes para diagnosticar aproximadamente o nivel de execucións motrices do alumnado e as súas posibles dificultades, así como os seus coñecementos, as súas motivacións e as expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas do noso alumnado e poder ter unha idea de onde partir e ata onde chegar, podendo adaptar a dificultade das actividades das seguintes sesións. Isto farase ao principio (na primeira sesión) de cada unidade de contidos observando o nivel do alumnado nas actividades da sesión.

Ao principio do curso poderase levar a cabo unha avaliación inicial durante as primeiras sesións para coñecer máis exactamente o nivel do alumnado a través dunha ficha médica individual, actividades específicas tipo test en relación a capacidades físicas, coordinación, equilibrio, habilidades motrices...

Durante todo o proceso de maneira continua para analizar en todo momento os progresos e as dificultades que vaian

xurdindo ou producíndose e desta maneira, poder ir adaptando e modificando as accións educativas para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao finalizar o proceso de ensino-aprendizaxe e ao rematar cada unha das unidades de contidos, realizarase unha avaliación final ou sumativa na que se avaliará a adquisición final dos criterios de avaliación.

## **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### **Criterios de cualificación:**

A avaliación será fundamentalmente criterial, en función do progreso do alumnado. A procedemento de avaliar estará baseado na observación directa do traballo, participación e integración analizando na medida do posible as producións do alumnado e/ou algunas actividades específicas tipo test. Nalgunha actividade como elemento motivador, poderanse realizar gravacións dos traballos realizados para realizar autoavaliación por parte do alumnado. Instrumentos de avaliación.

En función da unidade de contidos e dos aspectos particulares do proceso de ensino-aprendizaxe poderase utilizar:

- listas de control para rexistrar se se fan ou non determinadas accións
- ficha de rexistro anecdótico, onde se anotan os resultados ou accións significativas importantes para a avaliación do alumnado acontecidos nas sesións con frases descriptivas tipo *resolveu o conflicto xurdido*, así como calquier aspecto da sesión que nos poida servir como autoavaliación
- autoavaliación na que cada alumno incorpora os aspectos conseguidos na mellora das capacidades básicas e das execucións motrices
- coavaliación na que o alumnado será avaliará aos seus compañeiros nalgúns aspectos definidos polo docente
- actividades específicas tipo test en relación a capacidades físicas, coordinación, equilibrio, habilidades motrices...
- producións motrices do alumnado gravadas en vídeo
- postas en común dalgúnha unidade didáctica levada a cabo.
- mínimos de consecución dos criterios de avaliación

Criterios de cualificación.

Avaliarase na medida do posible con procedementos e instrumentos variados co fin de obter os datos más precisos posibles. Teranse en conta os criterios de avaliación e os mínimos de consecución correspondentes marcados para cada unidade didáctica de contidos. A cualificación do curso será negativa para aquel alumnado que ao final do curso non cumpra coa consecución íntegra dos mesmos.

Para a avaliación de cada trimestre teranse en conta o peso das unidades didácticas de contidos traballados en cada un deles.

Para a avaliación final (ordinaria) terase en conta o peso de cada un dos trimestres en relación a cada unha das unidades didácticas de contidos traballados nos mesmos.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non acade os mínimos de consecución dos criterios de avaliación, éstes poderanxe acadar nas seguintes avaliacións a través de diferentes actividades axeitadas ao alumnado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para a atención á diversidade do alumnado terase en conta a lexislación vixente que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia a cal concibe a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas para adecuar a resposta educativa ás características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poda acadar os elementos prescriptivos do currículo. Os eixos principais desta programación serán a equidade e a igualdade entendendo isto como darlle a cada persoa os apoios necesarios en funcións das súas necesidades e flexibilizar as actuacións para adaptalas ao alumnado e ao contexto.

En colaboración co departamento de Orientación e dos tutores correspondentes deseñaranse as actividades propostas atendendo ás necesidades individuais do alumnado. Os apoios produciranse en todos os casos seguindo o principio de inclusión dentro do contexto ordinario, facendo as adaptacións curriculares correspondentes se fose preciso. Nos casos de ACIS ou reforzos o mestre correspondente reflectiraos na súa programación de aula e haberá unha copia no departamento de orientación para a súa consulta.

Terase en conta as diferenzas individuais e/ou especiais do alumnado debido ás capacidades, motivacións, intereses, condicións sociais, etc, polo que a programación será en todo momento flexible para poder dar resposta ás mesmas. De maneira xeral establecense unha serie de medidas para adaptarse á diversidade. A través da observación diaria e da avaliación inicial poderase adaptar o nivel de esixencia nas actividades establecendo uns obxectivos mínimos para todo o alumnado e podendo amplialos en función da diversidade de capacidades. A través de grupos de traballo flexibles o alumnado poderá realizar actividades de ampliación e reforzo adaptando os contidos e buscando a aumento da autonomía.

Tendo en conta a lexislación vixente o alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoyo Educativo) é aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinándose co departamento de Orientación para realizar se é necesario as adaptacións correspondentes.

No grupo ao que vai dirixida esta programación atopamos:

- alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe na aula, pero sen problema para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe na área de educación física. En caso de precisalo, terá o reforzo educativo correspondente nas explicacións das actividades ou en calquera outro momento con calquera outra adaptación.
- alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español, pero sen problema para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe na área de educación física.
- alumnado con altas capacidades. Non hai.
- alumnado con necesidades educativas especiais. Non hai.
- alumnado con trastorno por déficit de atención e hiperactividade, pero sen problema para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe na área de educación física.

En canto ao alumnado con condicións persoais excepcionais. Terase en conta ao alumnado con diversos niveis de maduración tendo, en caso de precisalo, o reforzo educativo correspondente nas explicacións das actividades ou en calquera outro momento con calquera outra adaptación.

Ademáis, no grupo ao que vai dirixida esta programación, atopamos alumnado con diversas capacidades, que en principio non requiren ningún tipo de medida nin adaptación, e que poden desenvolver os contidos da área sen dificultades, ainda que nalgún momento, podan necesitar dunha atención máis individualizada. Independentemente da necesidade que teña o alumnado, a nosa ensinanza será o máis individualizada posible e terase en conta o seu progreso respecto ao nivel inicial.

A lo largo do curso poden xurdir patoloxías temporais como fracturas, distensións musculares ou articulares, feridas ou indisposicións puntuais que impiden a realización de actividades físicas nalgunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza poderá nalgunhas ocasións realizar tarefas, tales como a inclusión, axuda e xestión da sesión, a búsqueda de información relacionada coa unidade que se está a traballar, completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/as, etc.

Nos casos de urxencias sanitarias seguirase o Protocolo de Urxencias sanitarias publicado en Novembro de 2015.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.4 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.5 - Iniciativa persoal e creatividade		X	X
ET.6 - Educación ambiental			X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X

### Observacións:

Os temas transversais son uns elementos prescriptivos do currículo que deben estar presentes durante todo o proceso do ensino non de maneira aislada e separada senón presentes na maioría dos contidos de todas as áreas e os cales deben ser traballados conxuntamente coas familias para que o alumnado non viva situacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar.

A través da nosa área coa presente programación axudaremos ao traballo dos temas transversais os cales serán contidos básicamente actitudinais, sendo valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do alumnado para a súa futura vida como cidadáns da presente sociedade, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Tendo en conta a lexislación vixente traballaremos os elementos transversais presentados a continuación.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ruta de sendeirismo	Saída ao entorno natural próximo para realizar unha ruta de sendeirismo.			
Coñecemento de clubs deportivos	Actividade deportiva específica no centro en colaboración con algún club deportivo.			
Coñecemento de actividades deportivas	Actividade deportiva específica fóra do centro en colaboración con algún club deportivo.			
Día da saúde	Realizaranse diferentes actividades e xogos.			

### Observacións:

Na programación como actividades complementarias realizaremos actividades didácticas dentro do horario lectivo, tendo carácter diferenciado no momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA quedando aberta a posibilidade de realizar outras actividades complementarias e extraescolares que podan xurdir ao longo do curso e as cales serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Participarase nas actividades complementarias organizadas dentro do nivel de calquera tipo de temática, tanto as que sexan realizadas dentro como fóra do recinto escolar e sempre dentro do horario lectivo. Nas actividades que sexan celebradas dentro do centro como conmemoración dalgún dia educativo especial ou festividade, a área de Educación Física, se é necesario e na medida do posible, poderá participar na axuda da preparación de actividades e/ou xogos axeitados.

Ao longo da programación, en función dos recursos e na medida do posible, realizaranse as actividades complementarias presentadas a continuación.

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Progreso global do alumnado en base ao seu nivel inicial.
Adecuación dos contidos traballados ás características do alumnado e a súa contorna.
Distribución dos contidos ao longo da programación.
Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación empregados.
Temporalización axeitada.
Metodoloxía empregada
Adecuación da metodoloxía ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Optimización de recursos (materiais, persoais, espaciais).
Medidas de atención á diversidade
Atención ao alumnado NEAE e eficacia das medidas de atención á diversidade propostas.
Actividades de reforzo e ampliación axeitadas.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado coas actividades.
Clima de aula.
Traballo en equipo.
Valoración global do alumnado positiva.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Participación da comunidade educativa, incluíndo ás familias.

#### **Descripción:**

Realizarase unha valoración do proceso de ensino-aprendizaxe para mellorar a práctica docente tendo en conta ás necesidades e intereses do alumnado. Usaranse uns indicadores de logro para comprobar como a programación está resultando e para reaxustar ou facer modificacións, en caso de ser necesario, dos diferentes aspectos da programación. Os correspondentes indicadores son os presentados a continuación.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación levará implícita unha avaliação dos resultados obtidos para poder modificar a mesma e realizar os procesos de mellora necesarios de cara a próximas programacións. Ao rematar cada unidade de contidos, cada trimestre e a programación do curso escolar, e unha vez revisada a avaliação do alumnado, da práctica docente e de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, tomaranse as medidas oportunas para poder mellorar os resultados reaxustando e temporalizando os aspectos que sexan precisos para adecualos ao contexto do alumnado e do centro. Durante o desenvolvemento da programación teranse en conta as particularidades do grupo-clase e do alumnado en concreto para reaxustar ou modificar as actividades da mesma en función dos resultados obtidos.

As propostas de mellora de cara ao seguinte curso académico estarán recollidas na memoria de final de curso de área facendo unha análise dos cambios introducidos e as as súas posibles causas, así como os contidos que poderon ser precisos de modificar, eliminar ou engadir.

Os correspondentes aspectos a revisar para avaliar e poder modificar a programación son os presentados a continuación.

- Contribuíuse a acadar as competencias clave.
- Os obxectivos plantexados foron axeitados.
- Traballáronse todos os contidos.
- Os mínimos concretados para os criterios foron axeitados.
- A metodoloxía foi activa e participativa.
- As NEAE foron tratadas axeitadamente.
- As actividades foron axustadas aos obxectivos e contidos, recursos e tempos previstos.
- As actividades foron axustadas aos recursos dispoñibles e tempos previstos.
- Os materiais e recursos foron variados.
- Os materiais e recursos foron adaptados as necesidades individuais.
- A temporalización planificada das unidades de contido axustouse á práctica.
- A programación axustouse á temporalización inicial.
- A avaliação realizouse axeitadamente.
- Os criterios de avaliação foron axeitados.
- As actividades complementarias desenvolvéronse axeitadamente.
- Os elementos transversais foron traballados.
- Tivérónse en conta os plans de centro.

### **9. Outros apartados**